

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito da Facultade de Dereito (inclusive a coordinación do Grao na simultaneidade ADE-Dereito)

CURSO 2014-2015

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito**Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito da
Facultade de Dereito (inclusive a coordinación do Grao na
simultaneidade ADE-Dereito)****CURSO 2014-2015**

Validado pola Comisión de Calidade o 19 de outubro de 2015

Aprobado na Xunta de Facultade o 23 de novembro de 2015

Índice

1.	Información xeral.....	2
2.	Coordinación.....	2
3.	Xustificación e descrición do informe.....	2
4.	Accións de coordinación.....	3
4.1.	Reunións e actuacións de coordinación.....	3
4.2.	Outras accións de coordinación desenvolvidas.....	6
4.2.1.	Actuacións de coordinación desenvolvidas pola Comisión de Garantía da Calidade.....	6
4.2.2.	Actuacións de formación desenvolvidas na Facultade no curso 2014/2015.....	7
4.2.3.	Actuacións desenvolvidas para a promoción do centro e das súas titulacións.....	8
4.3.	Contido do informe: incidencias relevantes e accións de mellora.....	9
4.3.1.	Actuacións e incidencias máis relevantes.....	9
4.3.2.	Accións de mellora.....	16
5.	Conclusións.....	17
6.	Anexos.....	17

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

1. Información xeral

Denominación do título	Graduado en Dereito pola Universidade de Vigo
Centro(s) onde se imparte o título	Facultade de Dereito e Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
Curso de implantación	2009/2010 Plan 0 (plan de estudos “G080 – Plan 2009”)
	2014/2015 Plan 1 (plan de estudos modificado “G081 – Plan 2014”)
	2014/2015 PCEO (plan conxunto de estudos Grao en Dereito/Grao en Administración e Dirección de Empresas)

2. Coordinación

Equipo coordinador do Grao en Dereito	Equipo de goberno da Facultade de Dereito complementado pola comisión de coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo
Equipo coordinador do Grao en Dereito na simultaneidade ADE-Dereito	Equipo de goberno da Facultade de Dereito complementado por un/unha docente doutor da Facultade de Dereito e outro da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo

3. Xustificación e descrición do informe

A memoria para solicitar a verificación da modificación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo lembra no apartado «Procedemento de coordinación do grao» (páx. 48) que na memoria inicial se formulou a figura do coordinador/a de curso para garantir a axeitada coordinación docente no proceso de programación da avaliación continuada das materias en cada curso académico, pero que, co paso do tempo, se apreciou que era preferible contar cun coordinador/a único para a titulación. Entre outras funcións, o coordinador/a do grao deberá emitir informes periódicos a través dos que manter informado o decanato das incidencias e dos eventos relevantes. Para tal fin, o coordinador/a do grao debe manter reunións de coordinación co alumnado e co profesorado do Grao en Dereito. Pola súa banda, os coordinadores/as das materias de Prácticas externas e de Traballo de fin de grao encárganse de coordinar os distintos titores/as e o coordinador/a de relacións internacionais. Todos os labores de coordinación horizontal e vertical que se desenvolven facilitan o bo funcionamento do título, a análise das incidencias xurdidas no desenvolvemento da docencia, na avaliación e na organización de actividades conxuntas entre os distintos actores implicados e dos plans de mellora acometidos dende a coordinación do equipo de goberno do centro.

Dada a peculiaridade do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo, título único impartido en dous centros –as facultades de Dereito e Ciencias Xurídicas e do Traballo–, constituíuse unha comisión de coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo conformada polos decanos/as e os coordinadores/as do grao, co obxecto de avaliar

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

e tomar decisións sobre as incidencias ou posibles discordancias que xurdan e establecer mecanismos de coordinación docente conxunta entrambos os centros.

Finalmente, dende o curso 2014/2015 posibilitouse que o estudiantado poida cursar de forma simultánea os estudos de Grao en Dereito e Grao en Administración e Dirección de Empresas no Campus de Ourense, mediante un programa conxunto («simultaneidade») elaborado polas facultades de Dereito e Ciencias Empresariais e Turismo sobre os plans de estudos oficiais. En relación coa coordinación da simultaneidade, o artigo 5 da Normativa específica para a simultaneidade do Grao en Administración e Dirección de Empresas e Grao en Dereito prevé o desenvolvemento das tarefas de coordinación do programa de simultaneidade por un equipo de dous/dúas docentes doutores, un por cada centro.

4. Accións de coordinación

A continuación descríbense as diversas actuacións de coordinación docente realizadas no curso académico 2014-2015 coa finalidade de facilitar o bo funcionamento do centro e do título de Grao en Dereito –incluído o programa conxunto da simultaneidade ADE-Dereito-, analizar as incidencias xurdidas no desenvolvemento da docencia, na avaliación e na organización de actividades conxuntas entre os distintos actores implicados e acometer plans de mellora dende a coordinación do equipo de goberno do centro.

4.1. Reunións e actuacións de coordinación

1. Reunións e actuacións de coordinación de membros do equipo coordinador do Grao en Dereito ou da Simultaneidade ADE-Dereito cos representantes do alumnado –delegadas/os e subdelegadas/os do Grao en Dereito e da Simultaneidade-

Durante o curso académico 14/15 realizáronse un total de 3 reunións deste tipo, nas datas que se sinalan a continuación:

- 17/10/2014. O obxectivo principal desta reunión foi informar e recoller os comentarios realizados polos delegados sobre:
 - a) celebración do curso de acollida dos novos estudantes do Grao (Curso 0)
 - b) posta en marcha do cronograma de actividades do curso 14/15 1º cuatrimestre
 - c) implantación do PAT 1º curso
 - d) guías docentes
 - e) reunión mantida cos docentes (última reunión de coordinación celebrada no curso pasado - Xuño de 2014)
 - f) desenvolvemento da docencia nos distintos cursos
- 30/01/2015. O obxectivo principal desta reunión foi informar e recoller os comentarios realizados polos delegados sobre:
 - a) posta en marcha do cronograma de actividades do curso 14/15 2º cuatrimestre
 - b) reunión seguimento PAT alumnos 1º curso
 - c) publicación de calificacións en tempo e forma
 - d) incidencias coa plataforma de Teledocencia
- 24/04/2015. O obxectivo principal desta reunión foi informar sobre queixas recibidas do profesorado e recoller os comentarios realizados polos delegados sobre:
 - a) celebración do curso 3.5
 - b) métodos de avaliación e guías docentes.
 - c) horas de dedicación do alumnado ó TFG

2. Reunións e actuacións de coordinación do Grao en Dereito e da Simultaneidade ADE-Dereito co profesorado con docencia no Grao en Dereito e na Simultaneidade

Durante o curso académico 14/15 realizáronse un total de 6 reunións/actuacións deste tipo, nas datas que se sinalan a continuación:

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

- 14/11/2014. Reunión de coordinación cos profesores que imparten docencia no primeiro cuadrimestre do Grado e Simultaneidade.
- 03/12/2014. Solicitouse, dende a coordinación, ós profesores do segundo cuadrimestre, a entrega do cronograma de actividades das materias a impartir no segundo cuadrimestre, establecendo como fecha límite o 12 de xaneiro de 2015.
- 30/01/2015. Reunión de coordinación cos profesores do Grado e Simultaneidade.
- 19/05/2015. Reunión de coordinación cos profesores do Grado e Simultaneidade.
- 22/05/2015. Enviouse un email a todo o profesorado responsable de materias no Grado e Simultaneidade, comunicándolles o calendario de elaboración das guías docentes así como algunhas orientacións a ter en conta neste proceso.
- 25/05/2015. Celebrouse un curso no que a Coordinadora de Grado explicou ó profesorado responsable de materias no Grado e Simultaneidade as diferencias (con respecto a cursos anteriores) na elaboración das guías docentes a través da plataforma Docnet.

3. Reunións e actuacións de coordinación cos tutores/as do Plan de Acción Tutorial

Durante o curso académico 1415 realizáronse un total de 4 reunións/actuacións deste tipo, nas datas que se sinalan a continuación:

- 17/10/2014: Aprobación, pola Xunta de Facultade, do PAT con vixencia indefinida e dos anexos coa asignación de alumnos a profesores.tutores/alumnos.tutores para o curso 14/15.
- 03/11/2014. Dende a coordinación, enviouse un email os tutores do PAT solicitando que se convocase una primeira reunión con alumnos tutorizados para a toma de contacto e detección de necesidades especiais. Todos os tutores enviaron copia do email onde convocaban ós seus alumnos a esta primeira reunión.
- 19/01/2015. Dende a coordinación do Grado e Simultaneidade enviouse un email ós tutores do PAT solicitando que se convocase una reunión para o seguimento dos estudantes tutorizados. Todos os tutores enviaron copia do email onde convocaban ós seus alumnos a esta primeira reunión.

23/06/2015. enviouse un email os tutores do PAT solicitando que cumprimentasen o anexo "IV-B: Cuestionario final de satisfacción do tutor/a" e o envíen por email a coordinadora. Tamén se solicita o profesorado que, se aínda non enviaron a coordinadora os anexos II e III das dúas reunións mantidas o longo do curso, os envíen para poder eu realizar o informe final do PAT deste curso. Así mesmo, enviouse outro email os alumnos tutorizados solicitándolles que cubrisen o anexo "IV-A: Cuestionario final de satisfacción do alumnado" e o envíen por email a coordinadora.

4. Reunións e actuacións de coordinación do coordinador/a de relacións internacionais co alumnado implicado en accións e programas de mobilidade

Durante ó Curso académico 2014-2015 realizáronse dúas reunións informativas cos alumnos que realizan a súa estancia de mobilidade durante o curso 2105-2016, e varias reunións individuais co alumnado:

- O 2 de decembro de 2014 : reunión informativa dos Programas ERASMUS, ISEP e Bolsas Propias. Convocada pola Oficina de Relacións Internacionais
- O 10 de marzo de 2015 ás 14.15 horas no seminario 51 (quinta planta) da Facultade de Dereito. Esta reunión, convocada pola responsable de relacións internacionais da Facultade, ten como obxectivo fundamental explicar aos alumnos todas as cuestións académicas vinculadas á mobilidade.
- A partir desa data, realizáronse numerosas reunións con cada un dos alumnos, individualmente, coa finalidade de concluír o acordo académico.

A Comisión de Garantía de Calidade validou, na súa reunión do 27 de Marzo de 2015 as actuacións previstas para facilitar a mobilidade dos estudantes e, como proposta de mellora, para fomentar a mobilidade, propuxo a participación de alumnos de Erasmus e ISEP no curso 3.5 relatando a súa experiencia, sobre todo de cara a fomentar a mobilidade no itinerario de Dereito da Unión Europea.

5. Reunións e actuacións de coordinación do coordinador/a de prácticas externas co alumnado ou cos tutores/as implicados

Durante o curso 2014/2015 realizáronse as seguintes reunión e actuación de coordinación en relación coa coordinación da materia Prácticas Externas:

- Maio, xuño, xullo e setembro de 2014: diferentes reunións e toma de contacto cos organismos implicados na realización das prácticas coa finalidade de determinar o número de prazas, o proxecto formativo así como as actuacións necesarias para a realización das prácticas.
- Novembro de 2014: comunicación aos tutores externos dos datos dos alumnos seleccionados para a realización das prácticas nos distintos organismos implicados.

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

- 19/12/2014. Reunión preparatoria das prácticas externas: reunión da coordinación de prácticas externas co alumnado unha vez publicado o listado definitivo. O obxectivo da reunión foi o seguinte: informar sobre a normativa e como se desenvolverán e xestionarán as prácticas externas nos distintos organismos, institucións e empresas no segundo cuadrimestre. Anexo I: correo da convocatoria + información proporcionada aso estudantes.
- 19/01/2015. Presentación da materia prácticas externas polos coordinadores na aula 2.3 da Facultade de Dereito. Anexo II. Dilixencia da presentación.
- 23/03/2015: Recordatorio da entrega do informe intermedio a través da plataforma TEMA de maneira conxunta e do correo electrónico do Decanato de forma individual.
- 26/03/2015: Reunión intermedia entre a coordinación de prácticas externas e o alumnado matriculado. O obxectivo da reunión foi o seguinte: a) recepcionar a documentación pendente de entrega á coordinación; b) realizar o seguimento das prácticas externas curriculares; c) resolver as dúbidas xurdidas en relación coa elaboración de informes: Anexo III: correo da convocatoria.
- 26/03/2015: Remisión dos coordinadores á Comisión de Garantía de calidade do Informe sobre a cooperación con Institucións e empresas nas prácticas curriculares no curso 2014/2015 e propostas de mellora para o curso 2015/2016 para a súa toma en consideración. Anexo IV. Texto do informe.
- Remisión informe final y valoración de los titores externos: prazo máximo de entrega 1 de xuño.

6. Reunións e actuacións de coordinación do coordinador/a do traballo de fin de grao co alumnado ou cos titores/as implicados

Durante o curso 2014/2015 recolléronse as seguintes impresións xerais sobre o TFG, manifestadas por estudantes, titores, membros de tribunais, PAS e equipo de goberno da Facultade, en reunións de equipo, reunións de representantes de estudantes co equipo decanal, reunións de coordinación de Grado, Comisións de Calidade y Xuntas de Facultade:

- Por parte dos estudantes: dificultades para realizar un traballo de investigación cando nunca antes realizaron traballos de investigación; sensación de incertidume e de preocupación polo TFG xa dende o terceiro curso de grao; moito peso do TFG no segundo cuadrimestre de cuarto curso en relación coas demais materias.
- Por parte dos titores: Excesiva carga de traballo: os estudantes non saben realizar un traballo de investigación e hai que ensinalles todo: aspectos teleolóxicos, estrutura, cómo citar correctamente, uso de notas a pe, confección de unha bibliografía, ónde buscar...; desequilibrios de carga de traballo entre algúns profesores que tutelan a moitos estudantes (algúns tutelaron 10 ou mais en tres anos) e outros a poucos (algúns tutelaron a 2 ou menos no mesmo período de tempo.)
- Por parte de membros del Tribunal: excesiva carga de traballo, escaso recoñecemento do mesmo por parte da Universidade.
- Por parte de PAS: Sen incidencias, salvo algúns comentarios relativos á operatividade da plataforma informática recentemente implantada por UVIGO para la xestión académica dos TFG.
- Por parte do equipo de goberno da Facultade: excesiva ocupación e preocupación dos estudantes polo TFG, que non deixa de ser unha materia de 6 ECTS; sobrecarga de traballo para o PDI e o PAS; existen ocasionais e indexadas situacións de tensión entre titores e membros do tribunal cando hai discrepancias entre uns e outros na valoración que merecen os TFGs presentados; a xestión do TFG es complexa e lastra excesivamente o normal funcionamento de cuarto curso e a xestión da Facultade; os TFGs fundamentalmente “de investigación” solen ter escasa utilidade pensando na proxección profesional dos estudantes.

E desenvolvéronse as seguintes accións:

- Reflexión e labor de concienciación sobre a necesidade de “desdramatizar” e rebaixar o peso do TFG no Grado en Dereito: tanto en varias reunións da Comisión de Calidade como da Xunta de Facultade.
- Contactos informais entre as Facultades de Dereito e de Ciencias Xurídicas e do Traballo (conversacións persoais e telefónicas entre Decanos) e formais (Reunións de Coordinación de Titulación de Grado) nas que se pon de manifesto que os dous centros son conscientes da necesidade de rebaixar o peso do TFG e emprenden accións en tal sentido.
- Inicio da Reforma do Regulamento do TFG (aprobada en setembro de 2015); os fins máis relevantes a satisfacer por dita modificación son:
 - Incorporar novos contidos esixidos polo novo regulamento xeral da Universidade de Vigo aprobado en xullo de 2015.
 - Respectando o contido da ficha, redefinir o concepto de TFG, rebaixando o peso do concepto “investigación” e concretando dunha forma ampla e centrada en aspectos académico-profesionais os traballos de “recompilación”.
 - Flexibilizar as instrucións e esixencias de carácter puramente formal.
 - Establecer 50 páxinas ou 100.000 caracteres como límite máximo.
 - Establecer un novo sistema de distribución equitativa dos labores de *tutorización entre todo o profesorado.

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

7. Reunións e actuacións de coordinación da comisión de coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo

Co obxecto de avaliar e tomar decisións sobre as incidencias ou posibles discordancias que xurdan e establecer mecanismos de coordinación docente conxunta entrambos os centros, durante o curso académico 14/15 realizáronse un total de 3 reunións presenciais deste tipo, nas seguintes datas:

- 29/09/14: Reunión de coordinación da titulación do Grao en Dereito entre as Facultades de Dereito e de Ciencias Xurídicas e do Traballo
- 10/10/14: a comisión de Garantía de Calidade informa favorablemente a aprobación dun regulamento de réxime interno que regule, entre outros, a composición e o funcionamento da Comisión de coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo das Facultades de Dereito e Ciencias Xurídicas e do Traballo. O 21 de maio de 2015 a Xunta de Facultade aprobou dito regulamento de réxime interno.
- 10/06/2015: reunión de coordinación da titulación do Grao en Dereito na que participaron os decanos e coordinadores de Grao dos dous centros: Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e Facultade de Dereito e o director da área de apoio á docencia e calidade.

O longo do mes de outubro, realízanse tamén diversas reunións por videoconferencia entre os coordinadores do Grao en Dereito de ámbalas Facultades para elaborar o informe de seguimento do curso 13/14 e o plan de melloras.

4.2. Outras accións de coordinación desenvolvidas

4.2.1. Actuacións de coordinación desenvolvidas pola Comisión de Garantía da Calidade

A Comisión de Garantía da Calidade da Facultade de Dereito desenvolveu, entre outras, as seguintes accións en relación coa coordinación das titulacións de grao:

- 10/07/2014: Revisión previa á aprobación pola Xunta de Facultade das guías docentes do Grao en Dereito para o curso académico 2014-2015.
- 10/10/2014:
 - Validación da proposta de creación dunha comisión de coordinación conxunta das Facultades de Dereito e Ciencias Xurídicas e do Traballo para o título de Grao en Dereito pola Universidade de Vigo e da aprobación do seu regulamento de réxime interno.
 - Validación do Informe de accións de Coordinación do curso 2013-14 e da proposta de melloras en relación coas accións de coordinación para o curso 2014-15.
 - Validación do Informe Final do Plan de Acción Titorial da Facultade en Dereito do curso 2013-14 e das propostas de mellora para o curso 2014-15.
 - Revisión e validación da proposta de Plan de promoción do centro.
 - Revisión e validación da proposta de Plan operativo de información pública e rendemento de contas da Facultade de Dereito.
 - Toma de decisión en orde a instar aos departamentos que verifiquen cos centros as obrigas docentes do profesorado antes de conceder os permisos por asuntos propios e, no seu caso, cando resulte posible, a recuperación de obrigas docentes.
 - Toma de decisión en relación con posibles medidas a adoptar para mellorar o índice de participación de profesorado e alumnado nas enquisas de satisfacción das titulacións.
- 24/10/2014: Revisión e validación do autoinforme final de seguimento da titulación de Graduado/a en Dereito pola Universidade de Vigo.
- 7/11/2014:
 - Validación dos Modelo guía de Informe de accións de coordinación da titulación de Grao en Dereito
 - Análise dos resultados das enquisas de satisfacción da titulación, dos resultados das enquisas de avaliación docente e dos resultados e indicadores académicos, e validación do Informe anual de resultados do centro do curso 2013-14
 - Validación do Informe final de resultados do Plan de melloras do curso 2013-2014.
 - Validación do Plan de melloras do centro para o curso 2014-15 o do Plan de melloras do Grao en Dereito.
 - Informe incidencias coa docencia da área de Dereito Constitucional, por retrasos na resolución do concurso para a contratación de profesorado asociado e ausencia de profesor nas materias de Dereito Comunitario e Dereito da Unión Europea.

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

- 27/11/2014: Deliberación sobre o escrito presentado polas e polos estudantes de 4º curso do Grao en Dereito en relación coa docencia da área de Dereito Constitucional.
- 02/03/2015:
 - Validación dos obxectivos do plan de estudos da titulación de Grao en Dereito.
 - Propostas en materia de formación do PDI.
- 27/03/2015:
 - Validación das actuacións previstas en relación co procedemento de elaboración de guías docentes para o curso 2015-16 para preparar a titulación para o proceso de acreditación.
 - Validación das actuacións previstas para a promoción do centro e da titulación de Grao en Dereito.
 - Validación do curso 3.5 para estudantes de terceiro do Grao en Dereito.
 - Validación das actuacións previstas para a cooperación con institucións e empresas.
 - Validación, se procede, das actuacións previstas para facilitar a mobilidade dos estudantes.
 - Análise das QSP recibidas: dous anónimas formuladas pola mesma persoa destacando a escasa valoración do traballo do alumno na avaliación continua e outra, tamén anónima pero con dirección e-mail polo que se lle deu o trámite e a resposta oportuna sobre o uso de Faitic na Simultaneidade ADE-Dereito.
 - Análise histórico-temporal e desagregado por materias de datos dos tres últimos cursos relativos aos resultados académicos e validación de medidas a adoptar –entre outras, a súa publicación na web e a análise exhaustiva dos datos-.
 - Propostas en materia de política e criterios de selección/captación PDI –suxestións para la contratación de profesorado asociado en vez de invitados-
 - Propostas en materia de formación do PDI.
- 08/05/2015: Toma de decisións en relación co procedemento de elaboración das guías docentes.
- 08/06/2015: Validación da proposta dos coordinadores de non presentación de alegacións ao Informe provisional de revisión interna do seguimento do Grao en Dereito (convocatoria 2014). O informe provisional obtivo a valoración de conforme.
- 08/07/2015:
 - Revisión, validación e aprobación das guías docentes do Grao en Dereito para o curso 2015-2016.
 - Revisión e validación da proposta do Plan de coordinación docente do Grao en Dereito.
 - Toma de decisións en relación coa planificación de enquisas de avaliación docente.
- 23/07/2015:
 - Revisión do desenvolvemento do plan de mellora do Grao en Dereito.
 - Validación das seguintes propostas: (i) Asignación do profesorado-titor do PAT da Facultade de Dereito para o curso 2015/2016; (ii) Xornadas de acollida no Grao en Dereito –incluída a simultaneidade de estudos ADE-Dereito- e do Curso 3.5 no Grao en Dereito para o curso 2015-2016; (iii) “Instrucións para la racionalización de horarios da Facultade de Dereito”.

4.2.2.Actuacións de formación desenvolvidas na Facultade no curso 2014/2015

No curso 2014/2015 desenvolvéronse na Facultade de Dereito as seguintes accións formativas:

“CURSO INGLÉS XURÍDICO”.

DATA: 2,3,4,9 Y 10 DE XUÑO de 2015

HORARIO: 12h a 14h

LUGAR: FACULTADE DE DEREITO

“LIGA DE DEBATE”

DATA: DECEMBRO DE 2014

LUGAR: FACULTADE DE DEREITO

“SEMINARIO SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS, E-ADMINISTRACIÓN E EXPEDIENTE ELECTRÓNICO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA”

DATA: 18 DE XUÑO DE 2015

HORARIO: 16 A 20:30

LUGAR: FACULTADE DE DEREITO

“CURSO 3.5: CURSO DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA PARA ESTUDANTES DO TERCEIRO CURSO DO GRADO EN DEREITO”

DATA: 16 ABRIL DE 2015

LUGAR: FACULTADE DE DEREITO

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

“CURSO DE MEDIACIÓN, SAUDE E LEI”

DATA: 4, 5, 8 Y 9 DE XUÑO DE 2015

LUGAR: FACULTADE DE DEREITO

“CURSO INGLÉS XURÍDICO BÁSICO”

DATA: TODOS OS XOVES, DO 30 DE OUTUBRO DE 2014 A 26 DE MARZO DE 2015

LUGAR: FACULTADE DE DEREITO

“JUSTICIA, PRENSA Y SOCIEDAD”

DATA: 15 A 19 DE XUÑO DE 2015

LUGAR: FACULTADE DE DEREITO

“I JORNADAS SOBRE LA PRESUNCIÓN DE INOCENCIA Y LA REFORMA DE LA JUSTICIA PENAL”

DATA: 14 DE ABRIL, 7 Y 21 DE MAIO DE 2015

LUGAR: FACULTADE DE DEREITO

“CUESTIÓN LABORÁIS POLÉMICAS EN 2015”

DATA: 12 DE MARZO DE 2015

LUGAR: FACULTADE DE DEREITO

“EL DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO”

DATA: 24, 25 Y 26 DE NOVIEMBRE

LUGAR: FACULTADE DE DEREITO

“SEMINARIO INTERNACIONAL HISPANO-BRASILEÑO, SOBRE SOCIEDAD, DERECHOS HUMANOS Y MEDIO AMBIENTE”

DATA: 4 Y 5 DE DICIEMBRE DE 2014

LUGAR: FACULTADE DE DEREITO

MÓDULO JEAN MONNET 2015: “LIBRE CIRCULACIÓN DE TRABALLADORES E MERCADO DE EMPREGO EUROPEO”

DATA: TODOS OS VENRES DO 30 DE XANEIRO A 20 DE MARZO

LUGAR: FACULTADE DE DEREITO

MÓDULO JEAN MONNET: “SEMINARIO TALLER: EMPREGO NA UNIÓN EUROPEA”

DATA: 2 Y 3 DE OUTUBRO DE 2014

LUGAR: FACULTADE DE DEREITO

“II COLOQUIO INTERNACIONAL DE INVESTIGADORES DE DERECHO”

DATA: VENRES, 6 DE MARZO DE 2015

LUGAR: FACULTADE DE DEREITO

“JORNADA DE DERECHO COLABORATIVO Y NEGOCIACIÓN”

DATA: 12 DE DECEMBRO DE 2012

LUGAR: FACULTADE DE DEREITO

CICLO DE CONFERENCIAS: “ASPECTOS PRÁCTICOS DE LAS JURISDICCIONES CONTENCIOSA-ADMINISTRATIVA Y SOCIAL”

DATA: 27 DE NOVIEMBRE DE 2014

LUGAR: FACULTADE DE DEREITO

MÓDULO JEAN MONNET: “SEMINARIO-OBRADEIRO: EMPREGO NA UNIÓN EUROPEA”

DATA: 11 DE XUÑO DE 2015

LUGAR: FACULTADE DE DEREITO

“SEMINARIO INTERNACIONAL DE CONCLUSIONES: LA MEDIACIÓN COMO MÉTODO DE PACIFICACIÓN SOCIAL”

DATA: 22 Y 23 DE SEPTIEMBRE DE 2014

LUGAR: FACULTADE DE DEREITO

4.2.3. Actuacións desenvolvidas para a promoción do centro e das súas titulacións.

Na Reunión ordinaria da Comisión de Garantía Interna da Calidade do día 27 de marzo de 2015 validáronse as seguintes actuacións para a promoción do centro e das súas titulacións:

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

- Charlas divulgativas temas de actualidade a impartir en centros de secundaria.
 - Xornada de portas abertas: O 25 de marzo de 2015 a Vicedecana de Organización Académica da Facultade participou en substitución do Decano nunha actividade conxunta de promoción dos Centros do Campus nunha "Xornada de portas abertas" que, aproveitando o "Día Mundial da Auga", organizou o Vicerreitorado do Campus de Ourense coa finalidade de orientar aos estudantes sobre o seu futuro universitario, dar a coñecer a investigación que se realiza no marco do Campus da Auga e presentar as instalacións do campus así como os seus equipamentos e a oferta de actividades culturais e deportivas. O vicerreitorado de Campus encárgase agora institucionalmente de promocionar o Campus así como as titulacións. A visita foi aberta a toda a comunidade educativa, previa solicitude por parte dos centros educativos interesados, e até completar o aforamento do Salón de Actos Marie Curie (400 prazas)
 - Organización de conferencias, seminarios, congresos, xornadas sobre temas xurídicos, comunicados de prensa sobre os principais eventos e novidades, folletos e Carteis informativos
 - Promoción internacional do centro, basicamente a través do profesorado, PAS e alumnado que realiza estancias en Universidades estranxeiras.

4.3. Contido do informe: incidencias relevantes e accións de mellora

4.3.1. Actuacións e incidencias máis relevantes

Este informe ten como obxectivo servir de complemento á información en relación co discorrer do grao que xa consta nas actas das reunións de coordinación celebradas cos profesores/as e delegados/as do Grao en Dereito.

Por orde cronolóxica, indícanse as incidencias que se formularon ao longo do curso 2014-2015 no Grao en Dereito, así como as accións de mellora levadas a cabo dende a coordinación.

1. Finalización no mes de setembro do Informe de Seguimento do título do Grao en Dereito. Este informe foi elaborado de forma consensuada cos representantes da Fac. De CC.XX e do Traballo. A elaboración do devandito informe fíxose baixo a dirección da Vicedecana de Planificación e Calidade e contando coa participación do Coordinador do Grao da Fac. CC.XX e do Traballo.
2. O 03/09/2014 celebrouse a Xornada de acollida para o alumnado de primeiro curso do programa conxunto ADE/DEREITO co obxectivo de:
 - Facilitar ao alumnado o tránsito dende o ensino de secundaria ao ensino universitario.
 - Presentar ao alumnado de novo ingreso o Grao en Dereito.
 - Dar a coñecer ao alumnado de novo ingreso os recursos e ferramentas ao seu dispor na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito .
3. O 04/09/2014 celebrouse a Xornada de acollida para o alumnado de primeiro curso do Grao en Dereito co obxectivo de
 - Facilitar ao alumnado o tránsito dende o ensino de secundaria ao ensino universitario
 - Presentar ao alumnado de novo ingreso o Grao en Dereito
 - Dar a coñecer ao alumnado de novo ingreso os recursos e ferramentas ao seu dispor na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.
4. O 29/09/2014 celebrouse, na sala de reunións do Vicerreitoría de Ordenación Académica, Profesorado e Titulacións, no Campus de Vigo, una reunión de coordinación entre as Facultades de Dereito e de Ciencias Xurídicas e do Traballo coa asistencia dos decanos e o coordinador de Grao de Ciencias Xurídicas e do Traballo. En dita reunión abordáronse os seguintes temas:
 - Informe de seguimento provisional (2013/2014) do Grao en Dereito.
 - Suxestións e propostas en materia de coordinación
 - Elaboración dun regulamento de réxime interno que regule a composición e funcionamento da Comisión de coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo das Facultades de Dereito e Ciencias Xurídicas e do Traballo
5. O 10/10/2014, a comisión de Garantía de Calidade informa favorablemente a aprobación dun regulamento de réxime interno que regule a composición e o funcionamento da Comisión de coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo das Facultades de Dereito e Ciencias Xurídicas e do Traballo. O 21 de maio de 2015 a Xunta de Facultade aprobou dito regulamento de réxime interno.

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

6. A comezos de outubro de 2014 elíxense os delegados/as e subdelegados/as en todos os cursos do grao e Simultaneidade.
7. O 17/10/2014 celebrouse unha reunión da Coordinadora de Grado e da Vicedecana de Organización Académica cos delegados/as e subdelegados/as de tódolos cursos do Grao en Dereito e Simultaneidade. Nesta reunión recóllense os seguintes comentarios por parte dos alumnos:
 - Celebración do curso 0: consideran excesivo o volume de información transmitido no curso e ó número de horas adicadas ao curso, en especial para os alumnos da Simultaneidade que deben de asistir a dous cursos: o organizado polo decanato da Facultade de Dereito e o organizado polo decanato da Facultade de Ciencias Empresarias e Turismo. Dende a coordinación se lles indica que se terán en conta ditos comentarios para o próximo curso.
 - Na materia Sistema Xudicial Español e Proceso Civil só existe un grupo práctico polo que a aula de prácticas queda pequena para o elevado número de alumnos que asisten a clases. A vicedecana Dña. Susana Álvarez informa de que está proxectado tirar o tabique que divide as dúas estancias da aula Aranzadi para así poder dispor dunha aula máis con maior capacidade.
 - A docencia de grupo intermedio da materia de Dº Comunitario (onde tamén só hai un grupo práctico) coincide, en horario, co grupo práctico de Sistema Xudicial Español e Proceso Civil (de 3º curso). Dado que existen alumnos matriculados en ambas as materias, rógase que, na medida do posible, téñase en conta na elaboración de horarios para próximos cursos. A vicedecana Dña. Susana Álvarez expón a posibilidade de utilizar tamén o venres como día para impartir clases a fin de evitar o solapamento de grupos.
8. O 17 de outubro de 2014, aprobouse, pola Xunta de Facultade, o Plan de Acción Titorial para o curso 2014-2015. O PAT aprobado difire do implantado para o curso anterior nos seguintes puntos:
 - Establecese a figura do alumno-titor, desenvolvida por alumnos dos últimos cursos do Grado (3º curso / 4º curso). A súa función será facilitar a integración do alumnado de novo ingreso na vida académica, informarles das actividades, servizos, iniciativas, programas... ofertados que poidan ser do seu interese, participar no curso cero, colaborar activamente nas reunións que planifique o profesorado titor e colaborar na realización dos informes finais do PAT e nas enquisas de satisfacción.
 - Entre as actuacións de apoio e seguimento que se prevé que realice o titor, establécese a obriga de programar, polo menos, dúas reunións anuais co seu grupo de estudantes a iniciativa do propio titor:
 - unha inicial para toma de contacto e detección de necesidades especiais
 - outra de seguimento, cando o curso estea máis avanzado, para o seguimento dos estudantes titorizados.Prevese tamén a posibilidade doutras reunións, a petición do alumnado.

Para facilitar o seguimento establecerase un rexistro a través dunhas fichas de seguimento das reunións do grupo de estudantes tutelado. O alumnado e o profesorado implicado no PAT cubrirán as enquisas de avaliación do grao de satisfacción. Así mesmo, as titoras e titores informarán o coordinador/a da titulación das dificultades, incidencias, queixas, suxestións ou problemas detectados nas reunións mantidas co estudantado.

9. O 3 de Novembro de 2014, dende a coordinación, enviouse un email os titores do PAT solicitando que se convocase una primeira reunión con alumnos titorizados para a toma de contacto e detección de necesidades especiais. Todos os titores enviaron copia do email no que convocaban os seus alumnos a esta primeira reunión.
10. O 14/11/2014 celebrouse unha reunión da Coordinadora e a Vicedecana de Organización Académica cos profesores/as con docencia nas materias que se imparten no primeiro período do Grao en Dereito e Simultaneidade. En dita reunión tan só participaron catro docentes. Informouse, dende a coordinación das seguintes cuestións:
 - Todos os cursos do Grao xa elixiron un/unha Delegado/a e un/unha subdelegado/a
 - Estanse a producir situacións de non impartición de clases por solicitar o profesorado días de asuntos propios en días onde lles correspondería impartir docencia e non garantir o departamento que se vaia a cubrir dita docencia por un profesor substituto. Como primeira solución, na reunión da Comisión de Garantía de Calidade do Centro, celebrada o día 27/11/2014, acórdase enviar un escrito ós departamentos solicitando que se garanta a docencia nas distintas materias das que son responsables.
 - Tras as reunións mantidas cos delegados de curso a finais de xuño do curso pasado (17/6/14) e a mediados de outubro deste curso (17/10/14), transmítese ao profesorado as seguintes peticións:
 - Ante a incidencia, transmitida polos profesores, relativa ao uso de computadores e teléfonos móbiles durante a impartición das clases, cada profesor debería indicar, ao comezo do curso, se desexa que se utilicen estes dispositivos móbiles nas clases ou non.

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

- Os alumnos solicitan que, de face a tomar apuntamentos, é adecuado a proxección do texto a explicar ou que o profesorado poña a disposición dos alumnos o contido do impartido na aula con antelación á impartición da clase.
 - Antes da realización das probas de avaliación, definir claramente detalles que non aparecen contemplados nas guías docentes como, por exemplo, como se avaliarán as respostas erróneas.
 - Tentar non demorarse na entrega das cualificacións obtidas nas distintas probas de avaliación, sobre todo cando estas inflúan para a realización de probas sucesivas.
 - Utilizar o cronograma de actividades para reflectir as probas de avaliación que se realizarán ao longo do cuadrimestre de modo que se avise ao alumnado con suficiente antelación.
 - Organizar actividades docentes avaliáveis (contempladas na guía docente) e plasmadas no cronograma de actividades, pero sempre en horario da materia. O resto de actividades non avaliáveis (charlas, cursos, visitas a xulgados, ?) realizaranse fóra do horario docente.
 - Necesidade de distribuír as actividades docentes ao longo do cuadrimestre de maneira que se garanta que existen semanas de marxe entre o último exame parcial e o exame final e a repartición de temario entre os exames parciais e exame final.
 - Tamén se roga que o profesorado avise, na medida do posible, con antelación da non impartición das clases e do día de recuperación da devandita clase (tras un acordo cos alumnos, se é posible).
 - Axustarse, na medida do posible, ao horario docente de cada materia, comezando e finalizando as clases segundo o estipulado no devandito horario.
- A Prof. Dra. Dna. Susana Álvarez González (Vicedecana de Organización Académica) informa dun problema derivado da tardía designación do profesor que impartiría docencia nas materias de Dereito Constitucional I, Dereito Comunitario e Dereito da Unión Europea. Este feito da lugar a diversas actuacións, por parte do decanato desta Facultade, reclamando ó departamento implicado e o vicerreitorado de profesorado que se dese solución o problema formulado. Na semana do 17/11/14 dous profesores da área asumen a docencia nesas materias ata que se designe un profesor. Así mesmo, o día 19 de novembro de 2014 os estudantes da materia Dº Comunitario presentan unha reclamación ante o decanato. Finalmente, dende o departamento, procedese a asignación dun profesor invitado que comezou a impartir docencia o 24 de novembro de 2014. Na reunión da Comisión de Garantía de Calidade do Centro, celebrada o día 27/11/2014, acórdase enviar o departamento e a vicerrectoría de profesorado un escrito solicitando explicacións sobre o retraso na asignación dun profesor que impartise ditas materias.
11. O 03/12/2014 solicitouse, dende a coordinación, ós profesores do segundo cuadrimestre, a entrega do cronograma de actividades das materias a impartir no segundo cuadrimestre, establecendo como fecha límite o 12 de xanerio de 2015. Rematado o prazo de entrega, non se recibiron os cronogramas das seguintes materias:
- o Introducción ao dereito civil e dereito da persoa
 - o Dereito penal II
 - o Sistemas xurídicos contemporáneos: Dereito continental e dereito anglosaxón
 - o Dereito de danos e responsabilidade civil
12. O 19/01/2015, dende a coordinación do Grado e Simulteneidade, enviouse un email ós titores do PAT solicitando que se convocase una reunión para o seguimento dos estudantes titorizados. No PAT deste curso contemplase a figura do alumnado titor (pertencente os cursos superiores da titulación) que ten como funcións: facilitar a integración do alumnado de novo ingreso na vida académica, informarles das actividades, servizos, iniciativas, programas... ofertados que poidan ser do seu interese, participar no curso cero, colaborar activamente nas reunións que planifique o profesorado titor e colaborar na realización dos informes finais do PAT e nas enquisas de satisfacción. Polo tanto, tamén se pediu os titores que convocasen a dita reunión tamén o alumnado titor que tivese asignado.
13. O 30 de Xaneiro de 2015 celebrouse unha reunión da Coordinadora e a Vicedecana de Organización Académica cos delgados/as e subdelegados/as de tódolos cursos do Grao en Dereito e Simultaneidade. Nesta reunión recóllense os seguintes comentarios por parte dos alumnos:
- O grupo B de 3º curso ten asignada a aula 1.C e o espazo na devandita aula é moi axustado ou mesmo insuficiente para o número de alumnos do devandito grupo. A vicedecana de Organización Académica, Dna. Susana Alvarez, indica que se terá en conta na organización de horarios do próximo curso.
 - Sería interesante para o alumnado o poder dispor de cinco minutos de descanso entre cada clase. A vicedecana de Organización Académica indica que se terá en conta na organización de horarios do próximo curso, sempre que sexa posible facelo sen que as clases terminen máis alá das tres da tarde e poida introducirse este descanso entre clase e clase de todas as materias.

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

- Os alumnos consideran que os cambios establecidos no Grao co novo plan (G081) prexudica especialmente aos alumnos de 2º curso dado que é imparten nun mesmo curso materias de gran complexidade que co anterior plan (G080) atopábanse repartidas entre 2º e 3º curso.
 - Os alumnos preferirían que o horario das clases (das materias do Grao en Dereito, impartidas na quenda de tarde) finalizase antes. A vicedecana de Organización Académica indica que se terá en conta na organización de horarios do próximo curso sempre que se poida dotar clase os venres e a coordinación cos horarios da titulación de Grado de Administración e Dirección de Empresas o permita.
 - Nas materias Xestión de empresas e Matemáticas das Operacións Financeiras os alumnos da Simultaneidade non teñen acceso a través da plataforma Faitic. A coordinadora indica que se porá en contacto cos responsables da plataforma para que nos próximos días liquídese esta situación.
 - Na materia Dereito Constitucional I non quedou claro o contido que se avaliaría no exame da devandita materia porque o docente responsable foi variando a lista de contidos avaliábeis ao longo das semanas previas ao exame. A coordinadora indica que se porá en contacto co coordinador da materia para transmitirle a queixa.
14. O 30 de Xaneiro de 2015 celebrouse unha reunión da Coordinadora e a Vicedecana de Organización Académica cos profesores que imparten docencia no Grado e Simultaneidade. Na devandita reunión tratáronse as seguintes cuestións:
- Informouse o profesorado das reunións mantidas cos delegados e subdelegados de todos os cursos do Grao e Simultaneidade para coñecer as súas impresións sobre a marcha do curso e indicouse o seguinte o profesorado:
 - Ante a incidencia, transmitida polos profesores, relativa ao uso de computadores e teléfonos móbiles durante a impartición das clases, os alumnos indican que unha posible medida sería que cada profesor indique, ao comezo do curso, se desexa que se utilicen estes dispositivos móbiles nas clases ou non. Sinalan tamén que, de face a tomar apuntamentos, é adecuado a proxección do texto a explicar ou, directamente, que os profesores puxesen a disposición dos alumnos o contido do impartido na aula con antelación á impartición da clase.
 - Antes da realización das probas de avaliación, definir claramente detalles que non aparecen contemplados nas guías docentes como, por exemplo, como se avaliarán as respostas erróneas.
 - Tentar non demorarse na entrega das cualificacións obtidas nas distintas probas de avaliación, sobre todo cando estas inflúan para a realización de probas sucesivas. Doutra banda, débese de ter en conta que, segundo o regulamento de estudantes, débense de publicar as cualificacións sete días antes da seguinte proba avaliábeil, dentro de una mesma materia, e nunca máis tarde dun mes despois de realizar o exame final.
 - Utilizar o cronograma de actividades para reflectir as probas de avaliación que se realizarán ao longo do cuadrimestre de modo que se avise ao alumnado con suficiente antelación.
 - Organizar actividades docentes avaliábeis (contempladas na guía docente) e plasmadas no cronograma de actividades, pero sempre en horario da materia. O resto de actividades non avaliábeis (charlas, cursos, visitas a xulgados) realizaranse fóra do horario docente.
 - Necesidade de distribuír as actividades docentes ao longo do cuadrimestre de maneira que se garanta que existen semanas de marxe entre o último exame parcial e o exame final e a repartición de temario entre os exames parciais e exame final.
 - Tamén se roga que o profesorado avise, na medida do posible, con antelación da non impartición das clases e do día de recuperación da devandita clase (tras un acordo cos alumnos, se é posible).
 - Axustarse, na medida do posible, ao horario docente de cada materia, comezando e finalizando as clases segundo o estipulado no devandito horario.
 - O profesorado queixase de que os alumnos fan uso de dispositivos móbiles na aula para gravar as clases e ao profesorado. Solicita que se indique ao alumnado que non se graven as clases sen autorización do profesor/a e que se restrinxa o uso dos dispositivos móbiles: tabletas, portátiles, dedicándoos só para usos académicos, e non se faga uso do teléfono móbil. Desde a coordinación indícase que se enviará un email aos alumnos indicando estas cuestións.
 - Solicitan que se dote ás aulas dun mando inalámbrico para presentacións.
 - A profa. Inés Iglesias expresa o seu descontento debido a que a materia que ela imparte, “Sistema xudicial español e proceso civil”, non debería figurar no novo plan G081 en segundo curso (4º cuadrimestre) senón que debería manterse en 3º curso (5º cuadrimestre dentro do plan G080). Na súa opinión, este cambio prexudica ó alumnado e profesorado desta materia dado que os alumnos non posúen os coñecementos sobre Dereito Constitucional, Dereito Civil e Dereito Administrativo necesarios para poder cursar dita materia. Desde a coordinación solicítaselle que redacte un email concretando que coñecementos concretos deberfan ter os alumnos para poder cursar a súa materia, co obxectivo de poder realizar unha reunión de coordinación cos responsables das materias implicadas. Tamén indica a conveniencia de que se demorase o comezo das clases prácticas de modo que, ao comezo do cuadrimestre, impartísense máis clases teóricas que permitisen ao alumnado adquirir os coñecementos necesarios para realizar as prácticas. Desde a coordinación indícaselle que se poden utilizar distintas metodoloxías (sen recorrer á impartición de clases maxistrais) nos grupos prácticos

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

(grupos intermedios) que permitan avanzar nos coñecementos teóricos, antes de pasar aos casos prácticos. Finalmente, acordouse estudar esta posibilidade si o calendario académico aprobado por o reitorado permitía ampliar dúas semanas a docencia sen incidencia no calendario de exames, dado que hai que ter en conta a solicitude dos alumnos de introducir unha proba de avaliación antes de Nadal.

15. O xoves, 16 de abril de 2015, en horario de tarde, organizouse, á proposta dos alumnos, o curso 3.5, fundamentalmente destinado a alumnos de terceiro curso do Grado de Dereito. Os obxectivos deste curso son:

- Facilitar ao alumnado a continuidade da súa formación universitaria a través de estudos de máster e o seu desenvolvemento profesional ou incorporación laboral.
- Presentar o alumnado de terceiro curso información de interese académico e profesional para a continuación dos seus estudos de grao: TFG, posibilidades de obter una mención no título, etc..
- Dar a coñecer o alumnado os recursos e ferramentas que . teñen á súa disposición na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.

Os temas abordados foron os seguintes:

- A optatividade e a estrutura en mencións. Prof. Dr. Roberto Bustillo.
- A organización da materia optativa “Prácticas externas” e as “Prácticas extracurriculares”. Profa. Dra. Susana Álvarez.
- A mobilidade do estudantado no estranxeiro. Profa. Dra. M^a Belén Sánchez Ramos.
- O “Traballo de fin de Grao”. Prof. Dr. Roberto O. Bustillo Bolado
- Estudos de posgrao e saídas profesionais. Profa. Dra. M^a Dolores Fernández Fustes.

Tamén se facilitou ós estudantes información sobre becas convocadas por organismos públicos ou por entidades concertadas e privadas para estudos universitarios, prácticas, colaboración, investigación e estudos oficiais de posgrao; dita información foi facilitada por o SIOPE.

16. O 24/04/2015 celebrouse unha reunión da Coordinadora e a Vicedecana de Organización Académica cos delegados de tódolos cursos do Grao en Dereito e Simultaneidade. En esta reunión infórmase sobre:

- As queixas que se recibiron por parte do profesorado con respecto ao uso indebido de dispositivos móbiles na aula, e indica que non se poden realizar fotos ou gravar vídeos sobre o proxectado ou comunicado polo profesorado.

E recóllense os comentarios realizados polos delegados sobre:

- Os delegados da Simultaneidade comentan diversas cuestións relacionadas coa Facultade de Empresariais e Turismo. Indícaselles que nos poremos en contacto co decanato da Facultade de Empresariais e Turismo para comunicarlhas.
- As/os delegadas/os indican distintas incidencias relativas ao desenvolvemento do PAT. Indícaselles que se porá en coñecemento dos titores implicados.
- As/os delegadas/os reclaman máis minutos (entre 30-45 minutos) de intervención no curso 0, sen a presenza de profesores. Expoñen a posibilidade de elaborar un manual cos contidos do devandito curso. Indícaselles que se terá en conta para próximas edicións do devandito curso.
- As/os delegadas/os queixanse de que, na súa opinión, prexudícalles a avaliación continua dado que se segue dando nas materias moito peso ao exame final. Ou que no exame final vólvese a esixir todo o temario impartido ao longo do cuadrimestre. A coordinadora acorda transmitirlo na próxima reunión de profesorado á vez que se lles indica que mentres se respecte o publicado na guía docente (e esta respecte a ficha da memoria da materia) o profesor pode decidir libremente como avaliar os contidos da súa materia. Desde a coordinación indícaselles que as guías docentes pasan por comisión de Calidade, onde o alumnado ten representación e é nese marco onde os alumnos deben de revisar as guías docentes que se aprobarán para o curso seguinte, tentando identificar sobrecargas na asignación de traballo non presencial para o alumno. Doutra banda, os docentes e os alumnos dispoñen do cronograma de actividades como ferramenta para publicar e planificar as horas e carga de traballo ao longo do cuadrimestre. Acórdase dar maior publicidade ao cronograma de actividades: dentro do curso 0 e enviando un email ao alumnado a principio do curso indicando a ligazón dentro da páxina web.
- As/os delegadas/os tamén se queixan de que hai materias nas que se abusa do ditado de apuntes ou materias nas que é obrigatoria a asistencia a clases. Desde a coordinación indícaselles que se transmitirán estas queixas ao profesorado pero que, sempre que se respecte o indicado na guía docente, cada profesor é libre de decidir como imparte a súa docencia.
- As delegadas de 4º curso queixanse de que o TFG supónlles moita carga de traballo. O decano indícalles que se está estudando a posibilidade de rebaixar a carga de traballo.
- Tamén preguntan sobre a posibilidade de realizar as prácticas externas no 1º cuadrimestre. A vicedecana de organización académica, Dña Susana Álvarez indícalles que non se poderían mover de cuadrimestre por dúas razóns:
 - No primeiro cuadrimestre impártense materias obrigatorias nas que está matriculado todo o alumnado.
 - No primeiro cuadrimestre o alumno aínda non adquiriu todas as competencias necesarias para poder realizar ditas prácticas externas.

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

17. O 19/05/2015 celebrouse unha reunión da Coordinadora e a Vicedecana de Organización Académica cos profesores que imparten docencia en tódolos cursos do Grao en Dereito e Simultaneidade. En dita reunión, dende a coordinación infórmase sobre:
- Distintas queixas recollidas nas reunións coas/s delegadas/os de alumnos do Grao e da Simultaneidade:
 - Nalgunhas materias séguese dando un peso excesivo ao exame final, desvirtuando o carácter da avaliación continua.
 - Nalgunhas materias abúsase do ditado de apuntes como metodoloxía docente durante as clases teóricas, o que dificulta ao alumnado o seguir a explicación do temario.
 - Nalgunhas materias esíxese a asistencia a clases e compútase como parte da nota final da materia.Dende a coordinación indícase que cada docente ten liberdade para decidir como impartir a docencia e avaliar a materia (sempre seguindo o recollido na guía docente) pero prégase o profesorado que reflexione sobre estas cuestións para tentar buscar alternativas.
 - Indícase que nas seguintes semanas estarán a disposición do profesorado as enquisas de satisfacción da titulación e dende a coordinación rógase ao profesorado a máxima colaboración, cubrindo as enquisas, para lograr un alto índice de participación.
 - Indícase que no mes de Xuño iniciárase o proceso de elaboración das guías docentes para o curso 2015/16, onde se impartirán as materias dos cursos 3º e 4º do Grao G080 e os cursos 1º, 2º e 3º do Grao G081. Rógase ao profesorado que elaboren as guías docentes seguindo o indicado nas fichas das materias (contidas na memoria do título). Para facilitar a elaboración das guías, desde a coordinación do Grao, celebrárase un seminario o 25 de Maio na aula 1.3, ás 12:00, no que se explicarán as diferencias (con respecto a cursos anteriores) na elaboración das guías docentes a través da plataforma Docnet. Así mesmo, indícaselles que se solicitará ao profesorado responsable de cada materia o cronograma de actividades docentes a realizar polo alumnado na devandita materia, resaltando aquelas que computan para a nota final. Lémbrese tamén a necesidade de avisar á coordinación se se producen cambios en devanditos cronogramas.
 - Lémbrese aos coordinadores do PAT que deberían convocar, nos próximos días, unha reunión de seguimento co alumnado titorizado, convocando tamén aos alumnos titores para que asistan á devandita reunión. Tamén se indica aos coordinadores do PAT que a finais do cuadrimestre solicitaráselles os anexos resultantes das distintas reunións mantidas cos alumnos titorizados.
- A continuación, intervén o profesorado para manifestar, en relación ás queixas formuladas polo alumnado na reunión da coordinación coas/s delegadas/os, as súas queixas sobre o pouco tempo e esforzo que pretende dedica o alumnado a preparar as materias, e mesmo nalgúns casos, sen asistir a clases. Non consultan a bibliografía recomendada e presentan pouca motivación por adquirir novos coñecementos. Non planifican as súas horas de estudo. Ademais, o profesorado considera que sí é necesario que exista un exame final que permita obter unha visión global da materia. Doutra banda, tamén indican que o feito de que se celebren exames parciais provoca que o alumnado, nas semanas nas que teñen programada unha proba, desatenda o resto de materias. Desde a coordinación indícaselles que se transmitirán estas queixas alumnado na seguinte reunión de coordinación con delegas/os e pedirase á delegación de alumnos que durante a celebración do curso 0 (curso de benvida do novo alumnado do Grao) se insista na necesidade de traballar ao longo do cuadrimestre dun modo continuo.
18. O 22/05/2015, seguindo o calendario aprobado pola Xunta de Facultade o 21 de maio de 2015, enviouse un email a todo o profesorado responsable de materias no Grado, comunicándolles o calendario de elaboración das guías docentes así como algunhas orientacións a ter en conta neste proceso. Neste proceso de elaboración, os coordinadores de materia, unha vez editadas as guías docentes, remitíronas a Coordinadora de Grao para a súa revisión.
19. O 25/05/2015, celebrouse un curso no que a Coordinadora de Grado explicou ó profesorado responsable de materias no Grado e Simultaneidade as diferenzas (con respecto a cursos anteriores) na elaboración das guías docentes a través da plataforma Docnet.
20. O día 5 de xuño rematou o proceso de elaboración das guías docentes. Dende a coordinación elaborouse un documento que recollía todas as incidencias detectadas en cada unha das guías. Dito documento remitiuse os coordinadores de materia para que revisasen as súas guías conforme as fichas de incidencias remitidas, ata o luns, día 29 de xuño, ás 14.00 h (no caso do plan G081). Revisáronse, novamente, as 49 guías docentes das materias que se impartirán no Grao en Dereito para o vindeiro curso académico. Nesta revisión encontrouse que:
- Faltaban guías por elaborar.
 - Existían guías que non habían sido modificadas ou para as que non se xustificou a súa modificación segundo as incidencias reflectidas no documento remitido os coordinadores.
- Dado que todas as guías docentes deben de remitirse á Comisión de Calidade para a súa aprobación, a coordinadora púxose en contacto con todos os coordinadores destas materias outorgando un novo prazo (luns, 6 de xullo, ás 13:00) para a súa

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

corrección. Transcorrido este prazo, elaborouse un novo documento cas incidencias detectadas e remitiuse, xunto coas guías docentes, a Comisión de Garantía Interna da Calidade da Facultade de Dereito para a súa revisión e aprobación, si procede. Dita comisión reuniuse o día 8 de xullo de 2015.

21. O 23 de xuño de 2015 enviouse un email os titores do PAT e os alumnos titorizados indicándolles que, segundo se recolle no punto 6.2.4. Actuacións de avaliación do grao de satisfacción" do Plan de Acción Titorial, o alumnado e o profesorado implicado no PAT deben cubrir as enquisas de avaliación do grao de satisfacción (anexos IV-A «Cuestionario final de satisfacción do alumnado» e IV-B «Cuestionario final de satisfacción do titor/a»). No email solicitábase que enviasen a coordinadora de Grado os anexos correspondentes previamente cubertos.
- Tres alumnos titorizados enviaron o anexo IV-A cuberto dos cales solo un destacou, como negativo, que as datas establecidas para as distintas actividades non eran axeitadas, mentres que outro alumno (da Simultaneidade) indicaba que sería adecuado que puidesen contar con un titor específico del área empresarial.
 - Catro profesores enviaron o anexo IV-B cuberto dos cales dous profesores indican que consideran que o grado de utilidade do PAT é baixo (sen indicar os motivos) mentres que outro profesor indica que se debería convocar unha reunión entre a coordinadora, profesorado titor e alumnado titor para, entre todos, acadar unha maior participación do alumnado titorizado.

Tamén se enviou un email os titores do PAT solicitando que enviasen os anexos II e III recollidos nas reunións do PAT do curso por email a coord.dereito.ou@uvigo.es ou entregalos na secretaría do Decanato da Facultade.

Tras analizar os Anexos III das distintas reunións mantidas entre os profesores titores e os alumnos titorizados, pódese concluír que, a meirande parte das cuestións formuladas polos alumnos son relativas a problemas coa plataforma de teledocencia FAITIC ou dúbidas e queixas sobre organización docente. A meirande parte destas cuestións tamén foron transmitidas polos delegados de curso nas reunións de coordinación.

22. O 10 de xuño de 2015 celebrouse una reunión de coordinación da titulación do Grado en Dereito na que participaron os decanos e coordinadores de Grado dos dous centros: Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e Facultade de Dereito e o director da área de apoio á docencia e calidade. Esta reunión estaba enmarcada dentro das accións do Plan de Melloras da Titulación. En dita reunión tratáronse os seguintes temas:
- Coordinación das guías docentes do Centro: acordouse pedir o profesorado que, para a elaboración das guías, se remitise a ficha da materia (dentro da memoria do Grado), respectando todo o reflectido en dita ficha.
 - Seguimento do cumprimento do recollido no plan de melloras derivado dos informes de seguimento, revisando que accións se habían rematado e cales estaban por rematar.
 - Coordinación entre as normativas de Traballo de Fin de Grado, intentando que non presenten grandes diferenzas.
23. Na Comisión de Garantía Interna da Calidade celebrada o 8 de xullo de 2105 acordouse validar o Plan de Coordinación Docente do Grao en Dereito
24. Na Comisión de Garantía Interna da Calidade celebrada o 8 de xullo de 2105 acordouse aprobar as guías docentes do Grao que non tiveran observacións relevantes, e aprobar aquelas que presentasen observación relevantes (marcadas en roxo no informe de revisión de guías docentes) condicionadamente a que se fixeran as correccións no prazo de 24 horas. En concreto, tratábase das guías das seguintes materias:
- Principios de Economía
 - Introducción ao Dereito Civil e Dereito da Persoa
 - Dereito constitucional II
 - Dereito romano
 - Historia do dereito
 - Dereito administrativo I
 - Dereito administrativo II
 - Derecho de la Unión Europea
 - Dereito civil I. Obrigas e contratos
 - Dereito civil II. Dereitos reais
 - Dereito internacional público
 - Derecho Mercantil I

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

25. Polo que dende a coordinación se contactou cos coordinadores o 8 de xullo para que procedesen a subsanar os erros detectados nese mesmo día. Finalmente subsanáronse todos os erros que presentaban as guías, procedendo a publicación de todas as guías docentes do Grao.
26. Destacar a participación e traballo do profesorado no proceso de elaboración das guías. No mesmo email onde se informaba sobre a apertura do proceso de elaboración das guías docentes, tamén se solicitaba o profesorado a elaboración dun cronograma onde se indicara a planificación do traballo docente, semana a semana, dentro de cada materia para o curso próximo. Neste caso a participación do profesorado foi moi baixa o que requirirá a solicitude de novo de dito cronograma o inicio do curso 15-16.
27. Durante o proceso de elaboración das guías docentes, algún coordinadores de materia solicitaron introducir cambios nas fichas de ditas materias (tras consensual entre os coordinadores de dita materia na Facultade de Dereito e na Facultade de Ciencias Xurídicas). En concreto:
- Novas Tecnoloxías aplicadas ó Dereito: Incluír na ficha a competencia CE29 (CE 27 en Docnet)
 - Dereito civil II. Dereitos reais. A responsable da materia solicita que na ficha se elimine a competencia CE50 (CE48 en Docnet) - Coñecer as normas civís relativas ao dereito de Familia con especial referencia ao matrimonio, as súas crises e ás institucións de custodia e garda de menores e incapacitados, así como ao dereito de sucesións desde a perspectiva do dereito común e do dereito territorial galego. E se engada a CE48 (CE46 en Docnet) - Ser capaz de identificar problemas xurídicos de Dereito civil, abordando a súa solución mediante a procura, interpretación e aplicación da normativa civil aplicable ao suposto concreto
 - Dereito Civil III. Familia e Sucesións eliminar a CT2: Uso de linguas estranxeiras
- Por outro lado, dende a coordinación, e coa colaboración da Vicedecana de Organización Académica, revisouse a memoria do Grao buscando coñecer que materias abordan cada unha das competencias. Desta análise, identificáronse algúns erros que levaron a propoñer as seguintes modificacións na memoria, consensuadas coa coordinación do Grao en Dereito da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo:
- Dereito Administrativo I: ten asignados 6 créditos cando debería ter 9 créditos
 - Dereito Administrativo II: ten asignados 9 créditos cando debería ter 6 créditos
 - Eliminar as competencias CE 22 e 23, mantendo a CE 20, dado que están triplicadas. Isto implicaría cambiar:
 - na ficha de Dereito Administrativo II, a CE22 pola CE20.
 - na ficha de Prácticas Externas, a CE23 pola CE20
 - Eliminar as competencias CE30 (en Docnet) (CE32 na memoria) e CE54 (en Docnet) (CE56 na memoria) porque non se abordan en ningunha materia

4.3.2. Accións de mellora

En relación coa coordinación do Grao e Simultaneidade, as propostas de mellora que se prevén para o próximo curso son as seguintes:

1. Incrementar a participación do profesorado nas reunións de coordinación e na elaboración e entrega do cronograma de actividades.
2. Reflexionar sobre a conveniencia de que o profesorado, a hora de elaborar a guía docente, e sempre respectando a ficha da materia, reduza o peso do exame final (en resposta as numerosas queixas do alumnado con respecto a aplicación da avaliación continua.
3. Analizar os contidos das guías docentes, revisando:
 - a. si todas as competencias incluídas nas fichas das materias se están a avaliar adecuadamente
 - b. si os resultados de aprendizaxe son coherentes cos contidos impartidos e as competencias da materia

En relación coa coordinación do Plan de Acción Titorial:

1. Buscar estratexias para conseguir que o alumnado participe máis activamente nas reunións organizadas polos titores
2. Pedir os alumnos titores que elaboren un informe das reunións mantidas cos alumnos para poder ter coñecemento das dúbidas o problemas cos que se atopa o novo alumnado
3. Manter unha reunión co alumnado titor o inicio do curso para aclarar as súas funcións e conseguir unha maior implicación do alumnado titorizado.

En relación coa coordinación das prácticas externas, as propostas de mellora que se prevén para o próximo curso son as seguintes:

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

1. Mellorar o iter temporal na oferta e asignación das prácticas externas. Para iso prevese unha modificación da Normativa prácticas externas curriculares dos estudos do Grao en Dereito.
2. Mellorar a información da páxina web en relación coas prácticas externas curriculares.
3. Tentar a promoción por parte da coordinación de prácticas externas dalgúns convenios con empresas ou institucións públicas (a día de hoxe estanse negociando convenios co INSS, Parlamento de Galicia ou Subdelegación de Goberno en Ourense) e a súa execución para potenciar a realización de prácticas externas curriculares por parte do alumnado.

En relación coa coordinación da materia de TFG:

1. Estudar xunto coa Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo a conveniencia de modificar a ficha da materia TFG na Memoria.
2. Analizar ao final de 2015-2016 os resultados do novo regulamento regulador do TFG.

5. Conclusións

A través das actas das reunións mantidas co alumnado, profesorado, titores/as das prácticas externas e titores/as dos traballos de fin de grao, o equipo de coordinación vén cumprir co establecido na memoria do grao. Ademais, proporciónalles á Comisión de Garantía Interna de Calidade e ao decanato información do proceso de implantación do sistema de garantía interno da calidade do centro no Grao en Dereito e na simultaneidade de estudos ADE-Dereito na Facultade de Dereito da Universidade de Vigo, tanto en relación coas incidencias que teñen xurdido como cos plans de mellora que se levan a cabo.

Da análise das accións realizadas para garantir a coordinación (tanto horizontal como vertical) no Grao en Dereito e na simultaneidade ADE-Dereito extráese, como principal conclusión, que os datos e indicadores obtidos así como os principais problemas e incidencias detectados pola coordinación foron obxecto de análise minuciosa, tanto dende a Coordinación como na Comisión de Garantía de Calidade, coa finalidade de avanzar na mellora continua da titulación mediante a proposta de accións de mellora. Tras a difusión dos resultados das enquisas de satisfacción do alumnado e do profesorado pola Área de Apoio á Docencia e Calidade da Universidade de Vigo, e tras o seu análise exhaustivo e comparativo coa titulación de Grao en Dereito pola Universidade de Vigo impartida na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e cos resultados totais por rama de coñecemento do ámbito das ciencias sociais e xurídicas e coa media total da Universidade de Vigo, programáronse reunións para analizar os ditos datos a través das correspondentes gráficas, a través fundamentalmente do seguimento do título, e para analizar as principais incidencias, suxestións, debilidades e puntos fortes coa finalidade de establecer as accións de mellora oportunas ou fomentar as boas prácticas.

6. Anexos

Para completar a información, achéganse as actas das reunións, directrices, pautas e informes relativos ás accións de coordinación desenvolvidas no curso académico.

- Informe Coordinación 1º cuadrimestre
- Informe Coordinación 2º cuadrimestre
- Informe Seguimento TFG
- Informe de seguimento. Prácticas curriculares
- Informe de seguimento. Relacións internacionais
- Informe Final Revisión das guías docentes 2015-2016

*Os informes e as actas da Comisión de Garantía da Calidade poden consultarse na Secretaría do Decanato.

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

- Informe Final PAT 1415
- Actas da Comisión de Garantía de Calidade

Data: 15/10/2015

Sinaturas:

Vicedecana de Planificación e
Calidade

Vicedecana de Organización
Académica e Coordinadora de
Prácticas Externas

Coordinadora de Relacións
Internacionais

Coordinadora do Grao

Decano da Facultade de Dereito de
Ourense e Coordinador do TFG